


Núm. 79

Tomo 7.

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 »
Número solto	0'70 »

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Trova das sete naos, por BOUZA BREV.
Sant'lago na Bretaña, por CASTELAO.
Pancho de Rábade, por ALVARO DAS CASAS.
As Águas do Imperio i-a Barca Apostólica, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Estampas Composteláns.—A Duquesa de Chevreuse en Santiago, por Xosé FILGUEIRA VALVERDE.
Meus Cabalos, por ROBERTO BLANCO TORRES.
Materiaes de Prehistoria Galega.—Os Machados de Talón de Noalla, por BOUZA BREV.
Da Alemaña — I — A viaxe, por VICENTE RISCO.
Gorigori do tempo, por FERNÁNDEZ MAZAS.
Pesos de rede e chumbeiras (ilustración), por Tenente AFONSO DO PAÇO.
Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCEOSRIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII

Ourense Día de Galicia do 1930

Núm. 79

TROVA DAS SETE NAOS

(INTROITO)

Refenda das sete naos
ben ouviredes contar...

Elas eran sete naos
todas de enjebre cristal
—sete bágoas orfas de ollos
que as quijeran derramar—,
que c-un paxaro prisado
por un mar témero van
—cada paxaro unha trova
virge de beizo mortal—.

Non teñen ren de aparello
nin foz onde aparelar.

Levan por treu as estrelas,
Deus do Ceu por capitán.

A unha chaman Pensamento,
a outra chaman Liberdá.
Os nomes que as outras portan
son de outo paraio real...

Pol-a costa verdegada
que din de Jacobusland,
no intre da meia noite
anda a Serea a cantar.
As cántigas que ela deita
na vida ouviredes tall.

As aves que van prisadas
dalles moita señardá.

Deus do Ceu aloumiñado,
ben as quijera ceibar...
e as sete naos pulidas,
todas de enjebre cristal,
escáchanse nos brandidos
penedos da beiramar.

Os sete paxaros ceibes,
á nacemento da mañán,
pol-as grañas infinidas
ben os veredes voar.

No bico locen saudades
da boa Jacobusland;
seu brasón no firmamento
as sete queren formar
que seja voz no silencio,
lumieira na escuridá
pra a terra da lanzalía
entre as terras a lanzal:

Pousaron no setestrelo
eternamente a cantar!

BOUZA - BREY.

SANT'IAGO NA BRETAÑA

por CASTELAO

No día de Galiza quero insistir n'un tema de gran simpatía para nós, ampliando as notas publicadas baix'o mesmo título no número 67 d'este boletín (T. VI, p. 114-121).

Nos coadernos de apuntes, lembranzas sempre garimosas da miña pelerinaxe por Bretaña, gardo moitos deseños referentes á figura do noso Sant'Iago, e d'eles escollo, para publicar, os que me pareceron mais xenuinamente bretóns. Olla-de os dibuxos adxuntos e a vosa sensibilidade galega reconecerá n'eles a enxebre representación do noso apóstolo.

Nas miñas andanzas por aquelas terras irmáns, non vín á Sant'Iago na montaña, y-en troques atopeino á decotío nas vellas eirexas e santuarios do Armor. Xa temos dito que Sant'Iago foi patrón dos mariñeiros armoricáns e cicais por esta razón sômentes ollaredes a súa estatua nas eirexas da veiramar.

Os bós catadores da arte popular abrirán sempre os ollos nas capeliñas bretonas, onde as esculturas amosan a y-alma limpa dos santos celtas. Estes santos de pau son o mais irtidamente popular que hay alí, e os noxentos turistas andan á mercalos co mesmo espírito vãn con que mercan os fetiches negros que agora se levan...

Na Bretaña o tipo de Sant'Iago é ben reconoscible antr'os demais santos. Aparece

de pé, sempre vestido de pelengrín, co bastón e sombreiro, adornado con cunchas de vieira. O Sant'Iago na Bretaña é o símbolo do gran camiñante e mais d'unha vez figura en aitude de andar, como pode verse no tipo de Roscoff; pero tal foi ali a còstume de representar á Sant'Iago andando, que un grabado en madeira servía indistintamente como representación do apóstolo viaxeiro e do xudeu errante. ¡Quén sabe se da Bretaña saíu Sant'Iago por primeira vez vestido de pelengrín!

Con todo puđen velo unha vez sentado ó xeito compostelán, na fonte miragreira de Trémevén (Fisterre). Este moimento é de fins do século XVI; n'el figura Sant'Iago, o



Roscoff



Fonte de Trémevén



Museo
de
Morlaix

noso, sentado coma un rey, aínda que sen a maxestade con que os nosos ollos están afeitos á contemplalo na basilica de Compostela.

Repetidas veces o tipo de Sant'Iago resulta unha mestura do apóstolo viaxeiro e do mais antigo que leva o libro dos Evanxeos. Véxase o de Landévennec, co-as suas bargas brancas, de liño, respectable coma un pelengrin que retorna vello e sabio; o de Pouldavid, patrón da feligresia, que ten enriba de si, pendurados, uns grilletes de cautivo.

Nos calvarios adoita aparecer o noso santo, antr'os demais apóstolos, e sempre vestido de pelengrin. O que figura en Tronoën é certamente impresionante e d'el xa temos falado no artigo precedente e no traballo que vimos de publicar encol das cruces da Bretaña.

Antre todol-os tipos de



Landévennec

Sant'Iago que aparecen na península armoricana, mellor que calisquera obra da estatuaría bretona, é o que figura no Museo de Morlaix. Esta obra de arte non debe ser esquecida endexaíndola tratar da iconografía xacobeá. Non sei se o deseño que fixen poderá darvos idea cabal da súa importancia. É de tamaño natural y-está labrada na dura pedra de Kersanton. Procede do castelo de Greac'h Grizieu, en Plougoulm (N. de Fisterre) (perto d'alí hay unha aldea que se chama Sant-Jakes) y-é unha obra do século XIV.

Cando avistei este Sant'Iago viaxeiro, bateume o corazón, coma diante d'unha gran obra de arte. Outo, rexo, pensatible, vai camiñando pol-o chán do Museo, e xuraria que por debaixo das suas roupas de pedra, alentan forte os folgos do peito. Non pode darse unha obra mais punxente e real do peleagrín de Compostela, do pelengrin das cunchas e bordón.

Nin que decir tén que na Bretaña non aparece endexaíndola o Sant'Iago castrense.



Pouldavid



Tronoën

O apóstolo matamouros non pasou da Hespaña, e como di Emile Male: *La France en préfère une autre: elle représente saint-Jacques apparaissant à Charlemagne et montrant au grand empereur le chemin de la Galice.*

G O R I G O R I D O T E M P O



NINGUÉN viu como foi, mais a verdá é a miña. A verdá é que o cuco, desde a pola de un amieiro, escoitaba a parola municipal do rulendo. O cuco—diano de cuco!—tamén quixera ser correxidor. I-o rulendo—tok, tok, tok, tok, —saiuse coa sua. Mais o cuco non s'arredou: tamén se podía filosofar desde a pola d'un amieiro. E cismaba... cismaba onde cravar a sua melodía. Encolleito, otando de refilón ao rulendo, o cuco estaba a esperta. E na noite abraiada cravou o seu cantar.

—Cu, cu!

O rulendo latricaba esgrevio, latricaba sempre:

—Tok, tok, tok, tok...

I-entón foi cando o cuco viu un compás a faguer; seu solfeo alongou o minuto que pasa.

—Tok cucu tok, tok cucu tok, tok cucu tok...

E si o cucu parou foi porque lle diu a gana, e non pol-o que dixo a Laliña, que n'aquel intre pasaba tornando aas oveias pra serra do Cumial.

Por que dimpois de maxinal-o millor, o cucu voltou a se pôr na melodía.

E foi así como rimou—cartel de desafío—na noite estrelecida:

—Cucu tok, cucu tok, cucu tok...

Ninguén o viu, mais dñ que a lúa sorriu rexoubeira a taima do cucu.

FERNÁNDEZ MAZAS





PANCHO DE RÁBADE

CAMIÑO costeiro que chouta a fuxir dos im-
poñentes muxidos do mar Atlante. Lon-
gas soedás de areia a frolecer na roseira
das ondas. Ao lonxe a brancura litúrxica
d'unha ermida e, como sobr'ela, as velas,
mais brancas aínda, dos bergantís a enfiar
fíos de estelas nos ollos de agulla dos estre-
itos. Gaivotas que pairan namoradas, a ollar
ollos tenorios de peixes colorís. Canciós de
nenos mariñeiros, que non se ven, a emba-
lar a sesta outoniza dos eucalitos-osudos
e cadavéricos.

Pancho de Rábadé camiña a puxar na sua
roda feirante que, pau a pau, vai medindo
a longura do vieiro. Ao fin acouga n'unhas
pedras e fúndese na cisma, ollando as lon-
xanías salgadas—fame de andar, sede de
chegar—do mar que trae augas d'Islandia
pra lavar d'historias o Adamastor.

Pouco tempo despois chega un mozo—ou-
tro añaador—que vai de camiño e fai compri-
mento. Mozo de ollos quentes e pel queima-
da que rí ao parolar.

O MOZO

Santas nos dea Deus, compañeiro.

PANCHO DE RÁBADE

Boas tardes.
Séica vés de lonxe.

O MOZO

Veño de perto, pro... vou pra lonxe. Levo
ideia de pasar as Castelas.

PANCHO DE RÁBADE

Mal camiño levas.

O MOZO

Ben o sei, mais os tempos están ruís; ei-
quí non hai traballo, gáñase pouco, a terra
está estragada c-os trabucos.

PANCHO DE RÁBADE

Nesta si que sempre estamos na mesma.

O MOZO

E cada día pior; olle que na miña casa
andabamos a traballar día e noite, e non se
sacaba pra unha cunca de leite e unha peza
de pan de boroa. Eu non sei que vai ser de
nós. E das Américas non ven un peso.

PANCHO DE RÁBADE

Coitados de nós!

O MOZO

Logo, todos son a mallar nun: o pedáneo,
o segredario, os do concello. Pra dous eidos
qu'un ten, mais valía deixalos pra que os
merenden d'unha vez, e que reventen da en-
cheita.

PANCHO DE RÁBADE

Hai moita probeza.

O MOZO

Non sei moito do oficio, pro mal ha ser que por ehi adiante non teña un pra manterse.

PANCHO DE RÁBADE

Ti és mozo e, querendo, aínda podes fa-
guer uns aforriños pra mandarlle aos teus.
Por esas terras o pior é ter que afaguerse a
chamar en tantas portas.

O MOZO

Como quen dí empezo a vida e non estou
pra cabilar n'eso. Pra mín todas as portas
son da mesma madeira.

PANCHO DE RÁBADE

Estás aínda mozo?

O MOZO

Estou. Alá por xaneiro matinaba no ca-
sorio, pro viñeron as cousas mal, unha miña
irmá caíu en doenza, e houbo que deixalo.
Xa veremos si volto con saúde, e entón é
tempo de ir pol-a reitoral.

PANCHO DE RÁBADE

Ti és de xente mariñeira?

O MOZO

Son da montana; alá hai mais necesidade.
Eiquí ben non o pasan, mais sempre teñen
aquela cousa de saír o mar, e o mar sempre
dá o seu. Fame pol-o menos non-a sinten.

PANCHO DE RÁBADE

Tamén eu son da montana. Contra onde
és tí?

O MOZO

D'un lugarcíño miúdo, alá entre as carpa-
zas. Vostede con certeza non pasou por ele.

PANCHO DE RÁBADE

Nós chegamos a todol-os rincós do mundo.

O MOZO

Pois meu lugar chámase Malgrebe.

PANCHO DE RÁBADE

Malgrebel... Aínda está lonxe!

O MOZO

Aínda. O camiño leva ben tres días indo
de vagar.

PANCHO DE RÁBADE

Eu ía mais depresa.

O MOZO

Dame o corpo que é meu veciño.

PANCHO DE RÁBADE

logo duns instantes de in-
certeza

Eu son contra a raia de Portugal, pro
coñezo a tua terra: é fermosa. Hai tempo
que non-a vin!

O MOZO

Eu tamén lle teño lei.

PANCHO DE RÁBADE

Pois entón, volta; dígoche eu que vou pra
vello e corrín todol-os camiños do mundo.
En parte ningunha hás ollar montanas mais
verdes, auga mais limpa, nin mulleres mais
boas.

O MOZO

Hai que correr mundo.

PANCHO DE RÁBADE

O mundo é moi pequeno.

O MOZO

Hai que buscar cartos.

PANCHO DE RÁBADE

Amárgase moito.

O MOZO

Hai que ver cibdades.

PANCHO DE RÁBADE

Todas son moi ruís.

O MOZO

Hai que ouvir falar moitas lengoas.

PANCHO DE RÁBADE

Todas son extranxeiras.

O MOZO

E reparar nas cousas que dí a xente sabida.

PANCHO DE RÁBADE

Ninguén sabe do noso mais que nós.

O MOZO

E chimpan zoas en terra allea; ter mozas en tobol-os cabos do mundo.

PANCHO DE RÁBADE

Volta, meu amigo, volta; é millor nosa fame que a fartura alléa. Non tés mágoa de deixar teus eidos? Volta. Non tés recordos do teu casal? Volta. Non tés medo de andar por vals que nunca ollache, por serras sin camiño?

O MOZO

Medo? Eu non tiven medo nunca; eu mamei a gabachería mais gabacha dos homes. Vostede non me coñece, non sabe que son

capaz d'ir ás Indias e traguelas enriba das costas. Vostede non coñece de quen veño e non sabe que meu pai foi home pra partir laxes co-as mans e faguer camiños de pedra por riba do mar. No lugar todos dín qu'eu son fillo de Pancho de Rábade.

O vello olla ao mozo con saudade, con tenrura, e por pouco está que non avante nele pra fundilo contra o peito n-unha aperta de pai. Prefire non lle cortar o camiño e cala.

PANCHO DE RÁBADE

Nome sonado.

O MOZO

Non-o coñecin, pro dín todos que foi o home mais valente do seu tempo.

PANCHO DE RÁBADE

Fai o que podas por ser un bon fillo pra ser un bon pai. E si tés de camiñar, váite. Eu voume tamén: quero chegar con día ao mesón da Ramona. Adiós... meu fillo.

O MOZO

Adiós compañeiro.

Váise Pancho de Rábade e o mozo fica a ollalo con ledicia.

Ten cara de home de ben; ten ollos de ter boa ialma; ten voz... de ter chorado moito. Coitado de vello.

En fin: hai que ter peito que o camiño é longo e eu son de xente que tal (botando o pregón).

El aflador...

E váise camiño adiante, como guerreiro a terra de mouros.

ALVARO DE LAS CASAS



As águias do Imperio i-a Barca Apostólica ⁽¹⁾



E non pode esquecer de que maneira a conquista da Galiza pol-os romanos é sincrónica c'a formación do Imperio e c'o xurdir do cristianismo. Roma foi gaba do seu *clan* criador do Foro suxeito ó Augusto.

Enxoiárase a forza moceira na lei, na estratexia, na língua. Calada a tribuna dos Galos, e non dubidaran un instante diante os cabaleiros de Hannibal, morta a Liberdade antiga dicindo en Filippus pol-a boca estoica de Bruto un verso de traxedia grega, sómentes lle quedaba ó Imperio o comprimido do enorme programa sintetizado n'iste nome: César. As *siccas* nas Idus de Marzal asasinaron ó home qu'esgotara, pol o menos c'a intención total-as posibilidades de Roma: a loita contra a barbarie estrana, multiforme, perigosa i-atraente com'a Natureza, a asimilazón dos provinciaes, a feitura da urbe pechada en metropoli, o sistema de camiños pra faguer sentir en todol-os cóns a presenza da lei, e do latín. Ciclopeo testamento qu'o Imperio tardou cuase cinco centos d'anos en cumprir.

O primeiro imperio, a primeira infroenza estraña cabalgando encol da celta Galiza ceibe. ¿Deica que punto chega a súa sinificanza? Non é doado teimar unha resposta precisa. Baixo o material histórico—d'história técnica, preliminar, arqueolóxica—adviñase unha vitalidade galega semellante á do tempo das guerras que decorren dende

Decimo Junio Bruto deica o sanguento solpor do Medulio. Sollo amolece a tona de fora. Pol-o pronto encomenza i-apricase en grandes proporcións a dogmateca d'unha idea orgaizadora i-ecuménica. O camiño i-a cibdade istalan á Galiza no orbe da cultura do Mundo. Pol-o camiño chega e na cibdade fala o Evanxeo de Cristo. Pol-a vía romana e tamén pol-o mar. O roteiro da Barca de Santiago ten un valor simbólico; non para en ningunha costa deica aquela predestinada onde o Ulla i-o Sar esprimentan o amargore da onda mariña. Coma sio Apóstolo da oriental xudea quixera chegar d'un pulo, dreitamente ó lonxano Fisterre.

Apenas podemos hoxe maxinarnos a conquista da Galiza pol-a língua dos romanos. Non queremos dicir latina. Ista verba figura conteñer un sentido d'eleganza, de perfeición, de cousa rematada, chea, pechada encol de si mesma, ben distanciada do falar corrente do lexionario, do mercader, do funzonario, do servo. É moi doada ista frase: o latín foi remprazando as línguas indíxenas. Co-ela se non di ren. Un imenso e tremoroso—tremor d'orixe non preciso, maino, neboento—misterio enche a historia íntima da Galiza desque foi asoballada pol-a técnica i-a esprenza baixo a «Pax Romana» deica o momento descoñecido no qu'os derradeiros vellos dixerón as derradeiras palabras da língua céltica, da língua descoñecida e con todo presente e necesaria pra calcular a figura i-o volume da Galiza no mundo. Pra entender a historia hai que contar c'os imponderabres. N'iste caso fracasan as medidas cronolóxicas i-a sinxeleza dos momentos crítescos ós que nos ten acostumados o uso das verbas e dos métodos da evoluzón. Sería no tempo dos Suevos, baixo os godos do Reino de Toledo, cecais mais tardeiro,

(1) Esquema d'un libro en preparación.

na renacementa da concenza medieval, cando morreu—lapa que s'apaga, onda que toupá docemente na praia, berro ou layo, consello ou risada—o derradeiro acento céltigo. Houbo un home, millor unha muller que o pronunciou. ¿Decatariase da gravidade d'elo? Non. Cecaís fora un neno nos seus primeiros xogos com'un eco das antigas xeneracións cuíais sombras acoubáronlle o berce. Por saber seu nome e sua data poderíamos cambear a metade dos nosos arquivos. Acontecería n'un pobo pescantín diant'a sinxeleza asombrada do mar. Ou n'un lugar apegado coma un ouricelo á montana. N'algús casos téñse escrito a partida de defunción d'unha lingoa. Un dialecto céltigo morreu c'a derradeira vella qu'o falaba n'un día e n'unha hora detremida do século dazasete. Na Galiza, o igual qu'en tod'a Iberia, aparte do seio basco, as linguas antergas, as soantes ó primeiro metal forxado, ó amor do chán esgrevio, a estela inicial no Océano, foron mainamente sostituídas coma na paisaxe xeolóxica a mar conquerindo pouquiño a pouco un val, foino voltando ría. Ista garda unha lembranza e pon coma condición a topografía primeira. Apricanse ós problemas vitales conceptos e frases tan usadas que se lles creba o sentido com'as vellas fouces o ffo curtante. Millor que dicir: despois do celta ven o latín vulgar, non sería mais xusto escribir: a Galiza falou latín coma denantes falara celta? Acolleira a lingoa da sua primeira xente, histórica é dicir, coscente, de fixo moi dividida en falas de costa, de ribeira, de montana, como algún día cecaís o probará en parte un estudo xusto da toponimia. Logo, referíndonos a un momento de séculos fala latín pra dende o primeiro domoalo ó seu xenio galego, pra destacar dende a romanización o plasmar xerminal, o dubidoso abrente, d'un romance galego. Sin esquencer qu'a Galiza falou latín mais pol-o imperio da idea que pol-a idea do Imperio. Pois fala latín a apostolicidade cristiá a Galiza régase o mesmo tempo de Evanxeo e de Latín.

Fagamos unha comparanza do Sino da Galiza c'o de Irlanda, Gales, Escocia, Cornwall. N'istas terras non lexista o Pretor. Si non foron artelladas pol-o nervo das

Vías Romanas puderon acoller a verba Evanxélica n'un relicario enteiramente celta. Endexamáis s'afastaron d'ela e n'elas segue brillando un decorrer da primeira concenza na mesma lingoa. O latín foi na Irlanda frólacón culta, feble, d'invernadeiro, baixo os arcos das abadias ergueitos en pedras rúnicas. Os monxes, amorosamente, tradocian do celta ó latín d'a Eirexe as étnicas epopeyas da patrea, e soilo o canto tribal i-a leenda heroica do mar conceden un fondo inmorredoiro á curta eispresión latina. A fouce do Druída coronaba o báculo bispal. N'aquelas terras gardáronse os fogares celtas como faros pr'un pörvir. A Galiza soile insoar pol-o espírito, apegada a terras do Sul, acariñada por un sol mais brillante, e pol-a graza da oliveira e da vide foi botada ós camiños da hestoria. Mail'a romana foi a conquista derradeira. Dend'ela a Galiza pasou por grandes perigos i un estudo de supreficie a xuzgaría terra vella comparándoa c'a sorprendente novidade da Irlanda. O tema confiado do noso tempo demostrará qu'inda non callaron as suas millóres posibilidades.

Non é preciso discutire a diferenza entr'a romanización na Bética, Cartaxinense e Tarracónense litoral c'a da estrema Galiza. N'aquelas operaba sobre capas mestas de cultura mediterránea, i a grande metropoli medraba naturalmente ó pé d'acrópolis antergas. Na Galiza o camiño i-urbe non espallaron na campia e na serra inéditas... Un ensaio d'urbanización: os Foros. Eles alternaban c'as urbes. No campo debía mandar o latifundio. Nada di d'un xeito tan suxestivo o fondo contraste de Galiza romana como ista comparanza: casa indixena, pequena, arredondeada, concentrada en lar e casa romana tendida en reutángulo. Igual que na casa contraponse ó circo ou ó óvalo do pobo nativo a ordeazón latina cas rías Decumana e Cardus. O mesmo esquema do acampamento: Castro.

O xenio administrativo soupo plasmar a materia virxe en dous centros equilibrados: Logo, Braga. O Miño non salayaba a door de ser fronteira. Aínda gardan unha lembranza de sombra metropolitán. Unha Galiza do norte - manteiga e lameiros. Unha

Galiza—aceite e viño. Os celtas galegos non tiñan cidades ó estilo dos iberos. Por iso nosa Numancia foi un grande castro: o Medulio. Lugo acompaña a severidade dos seus horizontes co ritmo da muralla: unha acrópolis pr'os logares campesíns. Cecaís incomprensíbre pra eles. Aínda hoxe a yalma da campia non entende ben á cidade. Braga tamén Augusta, erixida encol d'un pranouto entre dous ríos esprimentou desmasiadas destroiciós mais contodo non lle fuxe aquela sona que coñeceu Ausonio o doce celta do derradeiro metro latino: —«Quaeque sinu pelagi iactat se Bracara dives. Mai' o romanismo das vilas galaicas (epigrafía dos Burgos, portos de estuario, Iria, Brigantium, Pontevedra—pedras e ladrillos das mansións itinerarias, Baños de Bande, Aquis Clenis—) soílo figura craro cando están consagradas pol-a ara cristiá.

Eiqui as vías c'a medida segura e despaiciosa das lexioes rubiron as abas montesías, cruzaron as gándaras ermas, seguiron ó largo dos vales a chamada das colleitas e das augas levando o santo e seña de Lugo a Braga, de Astorga a Lugo. Por elas chegou a cabalgada dos Suevos, a sandalia dos peligrinos, o facho de Almanzor. Pasaban c'o seus miliares de texto parco e solene, ó igoal das moedas, acarón do palafito, do castro, e da citania e venceron o sagrado misterio dos ríos c'a imperial curva das pontes. Lembremos algún dos indiscutíbles: a Ponte-Pedriña no Letheo ou Limia. Unha roíña. Perdidol-os parapetos e as pedras da calzada soílo fica a esgrevia vontade qu'o ergueu na fortaleza do espiñazo en arco, c'as dovelas como vertebras, ó aire.

Que pensaba Roma—O Senado i-o Foro, os letrados i-o pobo—da lonxana Galiza? Si non era a Thulé derradeira non collía doadamente aínda despoixa de ben conquerida na feitura da concenza romana. Era un *Limes*, unha provincia—marca fronte ó Océano. Prodociá liño branco com'o luar nas carballeiras druidecas, rexo com'os ánimos sinxelos dos defensores dos castros, fortes cabalos fillos da virazón, bós forxadores de espadas e sobre todo, ouro. Foi a Gallecia a California, ou millor o Clondyke do Imperio

c'a diferenza de que baixo os Césares, privábase a concurrenzia celbe. Ouro que non servía soílo pr'os *torques*, sinón pros grandes dispendios do imperio mediterráneo. Provincia nutricia d'ouro. No libro XXXIII da enciclopedia pliniana pode estudarse no tripre aspecto técnico, económico e social a grande eisprotazón do Bierzo, que chegou a modificar a *facies* xeográfica do país. É posíbre que na moitedume d'escravos das Médulas s'ouvira a primeira voz evanxélica, lonxana como un ceo, de esperanza.

C'a cristianización atopamos unha Galiza persoal e galegos de destacada individualidade. N'isto a intuición ten que remediar a cativeza dos datos documentaes. No século VII o monxe Valerio do Bierzo referindo e poñendo como outa exemplaridade a vida da galega Eteria, parece indicare que soílo no tempo d'ela, no derradeiro do IV século, alboraxaba o cristianismo na Galiza. Tivo que ser mais recuada ista yalba. Maxinámola como unha longa e forte loita contra un dobre fronte nemigo: na cidade o tribunal romano, no campo a vexetación pecha do politeísmo céltigo. Decorrerón vinte séculos, os corales dos monxes resoaron nos ermos mais lonxanos, a crus rubfu a todol-os castros, cobriu as aldeias a marea refrexada da América, o motor chegou ás portas labregas. Pois con todo isto procuremos unha romaxe enxebre. S. Benito da Caba do Lobo por ex. a dous pasos d'Ourense. A ermida pequena, sin estilo, apenas interrompe a impresión dos grandes penedos duros, enigmáticos, tristes e poderosos. Eles son o eixe i-o motivo da festa. Ouvese a misiña ben de mañá mais é necesario pasar pol-os penedos máxicos que curan ós tatexos. ¿Quen sería capaz de valorizare na yalma do labrego o peso do rito católico e do rito céltigo? Apenas hai festa antiga que non garde un eco da antiga crénza. O conquerimento da Galiza foi máino, pouquiño a pouco, no limitado ó tempo romano. N'iste devetir vidual esborrállanse os marcos das divisíóns históricas ó uso. Díse: remate da antiguidade é a morte de Teodosio, a invasión, o curso das insinias imperiaes de Roma ó Augusto de Bizancio. Co iste concepto va-

leiro cúrtase a fluidez que dende os orixes cristiás chega á evanxelización da Europa occidental na outa Edade Media. Aínda na literatura cabaleiresca da baixa época óllase o pasar das cósmicas divindades, constituídas dende o Renacemento pol-a mitoloxía clásica na épica brillante i-erudita do Tasso, por eixemplo.

Nos orixes o verbo apostólico aíxina crebante nas cibdades á relixión oficial, i-a dura persecución de Diocleciano ou de Decio non podía ser popular por significar algo nemigo, lonxano i-abstracto. Teremos mais d'unha ocasión pra sufincar a xusteza d'ista tésis: a falla na historia galega d'unha natural e verdadeira presenza do Estado. I-os exemplos mais craros procuraránnos feitos dos nosos días nos qu'o Estado se gaba de omnipresenza.

En troques foi dificultosa a conquista do mundo do rus, e soílo rematou por concesións equitativas. Na Galiza a Eirexa apoiada pol-o César, non esnaquizou ningún Irminsul coma Carlomagno na selva xermánica. Foi n'un mundo orixinario, pechado, unánime, sentido como se sente a primaveira i-o outono, esencialmente cinguido á yalma do pobo, onde a eirexa entraba primeiro como eisproradora. Seguiría os vals poboados i-abertos, deteríase moito tempo d'ant'o misterio das quebradas que guían á montana pechada, dura, lonxana. Unha door debeu salayar nos espallados horizontes cando a cruz conquería c'un cantó de bateladas as cumes prestixiosas do Pico Sagro, de Santa Tecla, do S. Mamede. Unhador aíxina feita consolo i-espranza pois non tragula morte sinón vida. A cruz idealizaba, precisaba i-erguía antigos presentimentos escuros.

Xa n'istes momentos latexa o tema esencial da historia galega como historia universal: a do apóstolo e sua caba. Diante unha tradición sentida c'un grado de incomparable forza deica ó círculo polar, e deica as montañas da Asia interior e a selva africana, non deixa de ser cómico o papel de certos eruditos desconfiados e regateiros como amas de chaves da dispensa. Ninguén, ben intenzado, pode dudar da positividade

das probas documentares n'iste caso. Xa non estamos en tempos de xuzgar parva a humanidade i-os pobos enteiros. Aquilo podía pasar no século e c'a graza de Voltaire. Mais hoxe espallouse o significado das fontes de coñecemento.

Non imos a escribir unha vez mais a «Gesta Dei» de Sant-Iago Zebedeu «ante» e «post mortem». Hai un acerto superior en acender un faro evanxélico no marco occidental. I-unha divina confianza en escollelo pra sepulcro. Pois a nacemento pode depender do azar cego, mail'o lugar da caba escolleita ven d'unha vontade coscente. Os discípulos traguendo pol-os camiños da mar os hosos do seu Patrón demostran tamén unha superior comprensión da propaganda evanxélica. C'a caba de Sant-Iago ficaba o mundo civilizado cravado na cruz pol-as aas e pol o curazón: a aa reveladora de Xerusalém, o poderoso curazón de Roma, i-a aa sinistra mollada n'un tremor d'Atrántico e poentes solares. A barca de pedra lembra as misteriosas naus de que foron proeles os soutostamaturos da Celtia Insular, coma a Arca Marmórica da emzoada xeografía do medievo viste a *anta* céltica, o túmulo patrio c'o *peristilo* i-os mosaicos como os corpos santos unxense c'os óleos latinos simbolizando a continuidade d'un imperio n'outro imperio.

Dinantes de chegar ó S. Martiño, ó S. Benito, ó S. Payo decorre o tempo das virxeas cristiás como as de Bayona, a mais illustre d'elas, Sta. Mariña, Sta. Eufemia, San Facundo, todol os da Leenda dourada das aldeas que soílo viven na tradición e teñen sua haxiografía no curazón do pobo, desprezados pol-os historiadores eclesiásticos. A literatura galega demanda un libro encol d'íles. Pois os Pseudo-cronicós cobriron con armatostes de valeira pedandaría, pesados como baldaquinos e insignificantes coma centóns, as leendas feiteceiras d'un tempo de abrente afundido na yalma do pobo e tan presente n'ela com'a lembranza das cibdades pecadoras asulagadas que aínda deixan ouvir o badelar das suas campanas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO



ESTAMPAS COMPOSTELÁNS

A DUQUESA DE CHEVREUSE EN SANTIAGO

1638.—Na sede de Compostela, o Arcebispo Spinola, un Prelado «in pártibus» que vive encadeirado nos consellos da corte. No arte, mestres de obras, fillos dos mazoneiros de Trasmiera, que preparan o pulo das grandes fervenzas barrocas. Van gabear os emparados pol-as columnas culebriñadas, as pomas non se enristran aínda a carón das portaladas; non chegou de Roma o coengo Vega e Verdugo. Santiago non é xa o cabo dos camiños do mundo. Calou o trono do labro das moitedumes. Fai anos que o esmoileiro non deixa anotariós nos rexistros da Catedral. As grandes figuras de Europa andan moi lonxe dos vieiros dos pelerinos; si acaso algunha que non ven, senón que pasa, camiño das Indias ou de Inglaterra, e se demora uns días, ben aloxada, detida pol-a sona fidalga e levítica da vila, como esta cortesán, Maria de Rohan Montbazón que dá pretexto á levían estampa de noxe.

ELA.—Fixo a súa biografía Victor Cousin, un diplomático da filosofía (1). Filla do Duque Hércules de Rohan, odo sitio de Amiens, nacera en 1600 e casara sucesivamente con Carlos D'Albert, Condestable e Duque de Luynes (1677) e á súa morte con Claudio de Lorena, Duque de Chevreuse, irmán do de Guisa (1622). Tivera amores co Conde de Moret, con Holland, Chateaucneuf, Chalais, Carlos IV de Lorena, o Marqués de Laigues... Ambicións, xogos de amor e política, un fino espírito de suxestións ó servicio

da Raíña Ana. Richelieu a desterra, sae de París con dous criados, e topa en España a mais interesada e ampria cortesía ó atravesal-a pra percurar na corte de Inglaterra o achego da sangue e da amizade.

A DUQUESA EN MADRID.—A España do XVII está enteira nas cartas dos Xesuitas. O P. Sebastián González escribe en 6 de Nadal de 1637: «La Duquesa de Chumbrosa, mujer del hermano del Duque de Guisa entró aquí el domingo 6. Saliola a recibir la Marquesa de Mirabel y su hijo y nuera hasta Barajas. Los señores la salieron a recibir mas allá de la puerta de Alcalá; concurrió toda la corte y el acompañamiento fué lucidísimo». As cartas (1), como as «Noticias de Madrid» (2), están cheas de alusións a esta muller a quen raramente acertan co nome. A Cariñán resultaba moi antipática e esta rival levaba toda a popularidade. Retratouna D. Diego Velázquez, fixéronselle grandes festas: monterías no Pardo, sortija, touros tramoya e máscaras no Buen Retiro. Encelouse a Cariñán preten den que fose detrás de ela, discutiulle o posto nos balcóns, ameazou «romper con España». Pero a política española cultivaba a Chevreuse «porque tiene entendimiento y agrado y la otra no», e a súa vinda foi estimada como «si hubiesemos ganado y toma-

(1).—«Cartas de algunos padres de la Compañía de Jesús sobre sucesos de la monarquía».—T. XIV del «Memorial histórico español» da Real Academia de Historia.—Cartas número LXVIII a XCII. Diversos lugares.

(2).—«Noticias de Madrid» folios 112, 113, 118, 127, etc.

(1).—Victor Cousin.—«Madame de Chevreuse», 1862.

do al francés tres plazas fuertes importantes».

Parteu de Madrid, cara á Cruña, o sábado 13 de Febreiro de 1638, moi festexada e regalada, facendo o viaxe pol-o Escorial, pra que vise as mellores cousas que había en Europa. Acompañábanna os nobres ingleses que a viñeran percurar e os criados que se lle xuntaron dende que entrou en España. (1)

A DUQUESA EN COMPOSTELA.—De- nantes do día 25 de Febreiro chegou a Compostela o oidor Don Pedro Moruquecho traindo a cédula real en que se ordeaba que a Duquesa de Xebrosi, como lle chaman en Santiago, fose hospedada por toda as cidades, vilas e aldeas por onde pasase «con toda decencia y autoridad que se pudiese». (2) Chamado o Alcalde, Don Antonio Bermúdez de Figueroa, rogoulle representase á Ciudad o que conviña facer indicándolle señalase «casa y omenaxes y todo lo demás necesario y nombrase dos señores rexidores para que asistiesen al adorno de la dicha casa y os pedaje de la dicha señora». Botadas sortes no consistorio do día 25 os Señores Licenciado Don Gregorio Vázquez Raposo e Bachiller Liñares foron nomeados para encargarse do choio e propor o memorial das colgaduras e demais cousas necesarias. O Bachiller Liñares, sería home pouco dado o trato das cortesáns, porque saeu sin firmar, cicais violentamente. O mesmo día Don Pedro Moruquecho manifestou á Ciudad o que precisaba: «treinta y cuatro casas de buenos y medianos aloxamientos, las buenas de dos camas, para amo y criado, y las medianas para una persona sola, con más ropa

para la cama de la señora Duquesa y más tres camas, la vna con su colgadura de cama de campo para la camarera y las dos para las doncellas, con mas seis bufetes y para cada uno dos candeleros de plata, y ansimismo doce buxias para dichos candeleros y dos hachas para la entrada de la casa de la posada de la señora Duquesa, y que ansimismo esta Ciudad ponga luminarias y agan algunas fiestas». O Auntamento acordou que se dera o memorial das casas a un Don Bernardino que andaba nos preparativos, pra que o entregase o oidor Moruquecho suplicándolle que enviase aviso ás casas, e respecto ós ouxetos se encargou que os Rexidores Fernández de Toubes e Villar Prego «para de parte de esta ciudad los pidan a los vecinos que no lleven aloxamiento y los conduzcan al Hospital» onde con seguranza se hospedou a Chevreuse.

Parece moito o número de aloxamentos que precisou a Duquesa pra o seu séquito, e mais contando que soio trouxera de Francia un par de criados, pero a costume de viaxar con grande acompañamento era tan corrente que ós rexidores de Compostela debeu parecerlle probe. Poucos anos despois, o 1668, o Infante Don Juan de Austria tróuxo un séquito de 350, persoas de bo comer que pra pernoctar en Poulo precisaron un repartimento de 16 moyos de viño, 11 vacas, 42 carneiros, 122 ferrados de trigo, 68 cabirtos, 128 galiñas, 72 libras de manteiga, 200 ferrados de cebada, 900 ovos e 512 ferrados de herba, usándose pra o transporte da roupa do Infante 80 carros ferrados de catro bois. (1)

O Provisor Don Diego Martínez Zarrosa interesou da Ciudad que se puxese todo cuidado no recibimento de Madama, veu a recibila o Marqués de Mancera, Gobernador e Capitán General do Reino de Galicia, e anque debeu chegar cara o 30 do mes, deteríase en Santiago mais tempo do pensado porque tiñan saído de Madrid despachos pra que agardase a que lle fora levado un presente con que a Ralía correspondía ós que a

(1).—Sobre a estancia de Chevreuse en Madrid cfr.:

—«Venida de Madama Chevreuse a estos reinos» Papel impreso, reproducido como ilustración a carta LXVIII das cidades, que poden verse tamén no tomo 62 da Biblioteca Rivadeneira.

—«Sumario y compendio de lo sucedido en España, Italia, Flandes y otras partes desde Febrero de 1637 hasta el de 638» div. loc.

—Rodríguez Villa.—«La Corte y la Monarquía de España en los años 1636 y 37»—Madrid—1886.

—Picón.—«Velázquez»—Madrid, Fernando Fé.—1897.—Pax. 84.

(2).—Archivo Municipal Compostelano. Libro de Consistorios de 1638.—Fol. 156. Os datos seguintes tópanse no mesmo fol. e no 158 v.

(1).—Pérez Costantí.—«El 2.º Don Juan de Austria en Galicia». En «Notas Viejas Galicianas» T. II, pax. 373.—Datos proc. do libro de Consistorios do Auntamento de Compostela do 1668, mes de Abril.

de Inglaterra lle enviara por man da Duquesa. O que mandaba ponderábase en mais de 30.000 escudos, era todo «de cosas de olor, las mas de ellas guarnecidas en oro y ricamente labradas». (1)

CABO.—É esto canto sabemos da estancia da Duquesa en Compostela. Non temos cartas nin relacións que nos digan o que pensou da cortesana a nosa cidade santa. Entraría, como en Madrid «muy bizarra, despechugada, desenfadada y mirando a los que caminaban delante y a los lados». Comentaríase moito tempo a loira fermosura de aquela estrana muller «de muy buen arte y de grande desahogo» que xogaba a pelota como

un mozo e facía dormir no seu cabán, con espanto das xentes, a un dos criados franceses que a acompañaban dende Paris. (2)

E ela? Que idea levaría a súa «inquietud francesa» da soma branda e repousada da nosa Catedral? A este inquérito compre que responda no seu nome Otero Pedrayo, fondo catador das ideas francesas do XVIII, que moitas vegadas, na solaina fresqueira do pazo de Trasalba terá lido as páxinas de Cousin e de Vassoir, ou cicais aquela famosa novela que de rapaces nos fixo coidar nas intrigas da corte de Luís XIII.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

(1) e (2).—«*Cartas*» citadas.

M E U S C A B A L O S

Ó trote, ó trote, cabalos,
meus cabalos ardesfos;
ó trote pol-a encañada,
pol-os curutos altivos,
pol-as taciturnas gándaras.

Ó trote, ó trote, que zoa
por cómaros e valgadas,
no vento que leva fogo
fundindo o eco nas almas,
o clarín dos adalides
convocando pra batalla.

Ó trote, ó trote, voade,
meus cabalos ardesfós,
ideas transfiguradas
en aéreos hipogrifos

A galope, meus cabalos,
os de com'o vento brío.
A galope, que ja ondean
alá nos cumes esquivos
os críns alados de lume
dos meus cabalos invictos

ROBERTO BLANCO TORRES





MATERIAES DE PREHISTORIA GALEGA

OS MACHADOS DE TALON DE NOALLA

Un novo acobillo vense a sumar ós abondosos hachádegos de machados de talón feitos no noroeste peninsular.

Fará cousa de trinta anos fóronlle ofrecidos ó noso distinto amigo e informante don Raimundo Riestra, Marqués de Riestra, os machados que son ouxeto de ista nota, en número de tres, e como topados baixo terra i-en circunstancias agora ignoradas na parroquia de San Estebo de Noalla, do Concello de Sanxenxo, partido xudicial de Cambados, na Ría de Arousa, e á amabilidade de tan ilustrado pontevedrés é debido o poder dar pubricidade a tal acocho hastra hoxe inédito. Todos tres par-



ran en poder do Marqués agás unha das pezas que debe estar en Ingraterra por oferta do Sr. Riestra a un médico da Casa Real británica que asentaba unha tempada en viaxe de estudio no Balneario da insua da Toxa; mais sabemos que dito terceiro eixemprar tiña as características xerais e pertecía a mesma cras que os dous que nos son conocidos e que van reproducidos na fotografía que acompañamos.

Ambos son de bronce, do tipo de dous anelos chamado galego-portugués mellor que tipo do Miño con que tamén se lle coñece, e un de eles está mutilado na parte que ó talón corresponde medindo en tal estado 210 milímetros de longo por 45 no gume no que asimismo ten unha esmonadura, 18 mede no eixo do centro xunto ós anelos e a súa seición pol-a mesma parte é a que mostra a figura A do dibuxo adxunto, presentando

unha crista central de reforzo, moi acusada a aresta. O eixemprar que se topa completo ten 252 milímetros de longo por 52 no gume e 20 de ancho no medio, tendo xunto os anelos a seición que sinalamos ca letra B no di-



buxo e unha crista de reforzo ancha e de aresta pouco viva.

Téñen de peso ambas pezas 700 gramos a enteira e 500 a incompleta.

Son comúns características de ditos machados a desproporção entre a longura que

somente é sobrepuxada en Galiza pol-os dous que o Conde de Maceda regalou a Armeiria Real, topados perto de Compostela, e pol-o único conservado do acobillo dos 120 de San Xohan da Lagoa; e a escasez de metal que contrasta cos eixemprares do centro de Galiza, como os de Cumbraos, o que parece querer indicar algo que confirma o feito da esprotazón en tempos protohistóricos do filón estamnifero que atravesa de Arzúa a Carballiño, e de estar xa prósimos a estinguirse os xacementos das insuas da veiramar galega; si aceptamos a mais xeral opinión de que elas son as primeiras Cassiterides dempois de cuio esgotamento pasou o nome ás do litoral armoricán e do sur da Ingraterra. Outros caracteres constituíenos o presentar lateralmente rebarbas de fundición no punto de axuste dos moldes bivalvos, así como unha lixeira pátina de un verde crariño que parece demostrar pouca mistura cúprica formando parte da súa composición.

Temos, pois, un achádego mais na zona costeira atlántica que é a mais fecunda nos de tal crás e n-un punto que é precisamente o de maior densidade de pezas por unidade de superficie dentro da terra galega, xa que arredor do lugar da exhumazón dos descritos exemprares levan aparecido os 73 de Paradela, os 62 de Tremoedo, os 40 de Simes, a peza de Lantaño e a que regalada por Cuveiro Piñol ó Museo Arqueolóxico Nacional de Madride onde figura co número 10.158, como procedente de Santo Tomé na Ría de Arousa, é a mais cercana xeograficamente ás eiquí estudadas que serven de vencello entre as nomeadas e as que van aparecidas ó longo da costa por Darbo, Viso, Soutomaior, Hio, Mougás, Oya, Santa Trega, Ganfei, Vilafria, Melgazo e demais do país veciño Portugal.

F. BOUZA-BREY.





D A L E M A Ñ A

I.—A VIAXE.

1. ULTRA-QUERENO.

Galiza e mais o día fugiron ja de diante dos ollos pol-a acción solidaria do tren e do tempo. Imos rubindo o porto de Brañuelas, millor dito, o tren vaino rubindo por nós. Puñéronlle unha máquina por retagarda que nos veu arrempujando.

A máquina do tren de cote canta: unhas veces é muiñeira; outras veces, outra cousa. Canta e fala; as verbas podemos nós pôr as que nos dea a gana. Mais non sempre; agora, rubindo o porto de Brañuelas, a máquina fala e canta, e canta unha estrofe infinida c'un verso de catro pés:

*Tatatara, tatatara, tatatara, tatatara,
tatatara, tatatara, tatatara tatatara...*

Crar'esta qu'esto de *tatatara*, que s'ói crarísima e precisamente, non quer dicir ren, coma non seña en trampitán; mais morreu quen nol-o podía espricar. E por non querer dicir nada, resulta qu'a máquina vainos facendo a bulra, coma se soupera que dend'o maquinista qu'a maneja ao último viageiro, todos dependemos d'ela.

O *tatatara* vai despois trocando de tempo: andante, adagio, lento, andante, andantino, allegro, vivace, molto vivace, vivacissimo. Mais sempre é o mesmo: *tatatara, tatatara, tatatara, tatatara...* A locomotora non ten mais que nos dicir. Ben é certo que nen d'iso tiña obrigaceón, e qu'aínda moitas veces agradeceríamoslle que calara. Mais tamén pode que pr'alguís seña un arrolo, pois hainos que já van deitados.

Pr'o que non dorme, o ir no tren e ir calado—e non com'unha señora navarra casada c'un galego, dos que di por certo que son os

milliores maridos do mundo, e que vai pra Alsasua co-a sua nai, e que lle dá medo e tristura o ir soila no tren e non ter con quen falar, coma que quer falar con todos, e já a emprendeu c'outra señora de loito que viaja c'unha filla nova nen guapa nen fea, que se chama Gloria e c'un rapaz novo que coma non podía por menos, leva unha trinchera, ise uniforme da mocidade hespañola, qu'eu cuido que ten unha influencia ruin na mentalidade—e já qu'iste inciso me saíu tan longo, será millor que siga co-il: Rapaces de Galiza, deixai as trincheras; vendeinas nas predeirías pra que fagan entroidos, ou daillas á criada pra que fregue os pisos ou lle saque brillo á cera, e vós faceivos cada un seu gaban da sua coor e do seu pano, se non queredes mellor levar a zamarra com'os peisanos, ou coma aconsellaba Adam Mickiewicz aos pelin-grins polaces.

Ben. Dicía eu que pr'o que non dorme, o ir no tren e ir calado, obriga a matinar en moitas cousas, a divagar pol-o menos, divagaciós e matinamentos qu'un non aproveita despois pr'escribilos, e que cecais por iso mesmo aproveiten millor pra o enrequecemento do espírito.

Tamén é certo que o pasar unha noite no tren trastorna as horas de tal geito, que despoixas tanto ten madrugar coma non madrugar, sempre que despois nono volva a un collar o vicio na sua casa.

Ao fin...

2. CAPUT CASTELLAE.

Desperto na Castela do Cid, «*Honny soit qui mal y pense*»...

Chaira verde, por que é primaveira, e

moitos arbres, mais dos qu'eu pensaba qu'habría. Todos diferentes dos nosos. Todo está verde, d'outro verde, un verde novo, un pouco ordinario, un pouco primario, de mal pintor baixo do sol nascente.

Non, non vaiades pensar que vou falar do romanceiro, nen xiquera de Menéndez Pidal. Os arbres istos son arbres procesionarios: com'o *betula fidelis* do noso roteiro lucense cara Teixido, van eiquí dúas ringleiras de chopos en procesión ao longo das estradas. E todol-os demais arbres tamén están en ringleira, en formación, non sei se militar ou eclesiástica, ou as dúas cousas. Están *en forma*, coma contan que din os sportistas, e com'aconsella ao home moderno o Conde Keyserling. Mais eiquí semella qu'a lei creba: estando com'están *en forma*, coma é que non logran conqueril-a paisaxe. Coma é que deixan que trunfe por riba de todo, e por pouco que se vexa arestora, a terra núa, crara, esbrancuxada e pceiranta, ferida de regueiros secos? En troques, os nosos arbres, andan cada un por onde pode, ou por ond'o deixan medrar, e así e todo, saben trunfar dos moitos nemigos que teñen: os donos dos predios colindantes, o Concello d'Ourense, etc., e apesares de todol-os *despoñedores forestales* hoxe á orde do día, impoñen á paisaxe o seu verde e a súa sombra. E eiquí, non. E mais, non sei s'eiquí nas vilas layaráns'os vacios de qu'os arbres l'enchen de vermes as casas.

Pode qué digades qu'aquela lei do mundo moderno refírese aos homes, e os arbres non son homes. Mail-os homes son arbres: o home, por afora estauta—supoño que ha placer o helenismo d'iste geito d'espresal-a natureza humán—garda por adentro a esencia vegetal no arbore da vida das veas e das arterias. Segredo qu'arestora non podo esplanar, nen tan siquera as derivacións éticas d'esta verdade.

O qu'agora importa é qu'entrándome polos buratos do nariz—unha das feestras do pasillo do wagón vai aberta, convén decilo pra que vos lembredes qu'ides comigo no tren—iste airiño que non é da miña terra, o *prána* de Castela, estímélame exáltame com'unha infusión de vida. E'o airiño frío e fino da amañecida, que ven de pegarse n-esta terra dura e n-iste verde mozo e tenro. Embébédame un pouco, e o curazón emprincipia a bater un canto á Castela allea e estrana, en moito nemiga, de cote rexa, mais dura que

forte, mais inteira que grande, anque sempre grande e forte e imponente e soberbia. Compréndese ben qu'os homes d'esta terra domeñaran... aos que nos deixamos domeñar.

Já outra vez erguín eu un canto a Castela, aló en terras de Salamanca. Tiven ali enveja da austeridade rispita d'istes campos, e layéime, pol-o noso ben, de qu'a terra galega fora tan fermosa, e a gente tan doada pra os estranos. E lembrei aínda agora os versos de Llobet:

«Castilla, madre Castilla,
á los extraños extraña...»

E non Galiza que é pra quen garda o meirande agarimo, Castela, pechada en si mesma refractaria ao alleo, soupo por isto mesmo imporse a todos. Galiza, a todos aberta, somentas soupo ser domeñada. Cando sabermos tiral-o ensino d'estas verdades?

Alguén anuncia Burgos. Já se ven de longe as agullas da Catedral, traspassadas de sol. Chegamos á estación, aparatosa e severa. Con singelas letras negras, di orgullosamente: *Burgos*. Orgulosamente, nen mais nen menos. Veleiquí ao menos a sensación que dan aquelas letras. Hai eiquí algo que s'impón, sen qu'un precise relembrial-a historia.

Que s'a historia relembremos, poida que nos diga cousas dinas de nota. Poida que nos diga que namentras foi Burgos *Caput Castellae*, esta Castela era a Castela fraterna, generosa e libre, anovadora e europea que morreu co-as Comunidades; e cando Valladolid e Madrid decapitaron a Castela, foi cand'esta fixo calar toda voce que non fora a súa. Castela d'aquela rematou de criar, e somentes lle quedou o expandirse; morreu a epopéa e naceu o imperialismo.

Já vai desafiando Burgos diante dos ollos: a cidade, ollada d'end'eiquí, nen semella moi grande nen gran cousa. Chalets, hortas, arboredos, o encaixe da Catedral.

E sigue iste outro mundo: eirejas románicas, meirandes, menos ricas d'escultura, menos peisanas qu'as nosas. N-un arbore, mesmo ao pé da vía, aparéceseme exótica e caricatural unha enorme cigoña no seu niño; co longo raro bico, raña unha das zancas. Saudei a esta heroína de fábulas, sen ter tempo de lle perguntar por seus parentes os trasgos.


Pancorbo é unha estampa d'esas das pou-

sadas, con montes de pantesía. E na estación de Miranda, despídome d'esta terra almorzando café con leite.

3. O PAIS BASCO.

En Vitoria vin as primeiras boinas. Os bascos impuñeron ao mundo esta coberteira. A boina é eiquí ond'está no seu sitio: fíxose

marcéutica sumamente estrana que rañaba a peleja do pescozo... E aínda tíven o valor de pór o cuello e a cravata. Difizle práctica de Hatha-Yoga qu'eu tanto teño admirado n-íses señores que viajan de cuello almidonado, e aínda durmen co-il posto, aparecendo á maña c'unha raia negra pol-o borde, amalgama de sudor e carbón. Esta ascética familiaridade co almidón pasmoume sempre, e faime lembrá-los preceptos d'aquíl japonés que al-



TIPOS DE CASAS BASCAS ANTIGAS EN FUENTERRABÍA

pra tapar estas testas bascas de carrolo alemán. Mais lévanse en Galiza, en Portugal, en Cataluña, en París, en Berlín. As mulleres lévana en todos lados, e estalles ben; di moito co vestido moderno, e ás rapazes novas d'andar solto e movido, estalles pintada.

En Vitoria vin as primeiras casas bascas, misturadas con chalets e con palacetes barrocos ou de confitería. Eiquí encomenza Europa.

Entón, pra ensaiar o robinsonismo da gran cibdade—por que a gran cibdade é propiamente a *Jungle* con toda a súa fauna—fixen unha cousa heróica: fun ao común, e laveime co-aquela auga aceitosa e espesa do tren, que cheira a carbón de pedra e á química sospeitosa dos desenfentantes e dos enjabóns líquidos metidos n-unha esfera de vidro. Esta vegada, o enjabón era granulado com'a magnesia das purgas, se non desfaguía ben nas maus, e deixaba n-elas unha sorte d'area far-

midonaba a camisa toda, e apertaba a non poder mais o cinto e mais os tirantes, pra estar de este alerta pra o traballo. En serio: poida ser qu'iste tromento fiseco seña bó pra manter esperta a conciencia vigiante, e qu'a comodidade e floxedade da roupa favoreza pol-a contra a divagación e a dispersión da conciencia. N-efeito: os pobos europeos, almidoados encinchados, entirantados, son activistas; n-mentras qu'os pobos orientais, de vestimentas folgadas e flotantes, son contemplativos. Os fakires da India, pra concentrar o pensamento, precuran posicións forzadas do corpo, de verdadeiro contorsionismo. Compre que non esquezamos iste ensino.

Unha chaira con montes no fondo; nos montes, neve; na chaira, eirejas. O bravo monte Aralar, as Tres Hermanas, a frábica de cemento Cangrejo, Alsasua, pobo pequeno con casas bascas, onde baixan as navarras e fíco só; Zumárraga; Ormaiztegui, un mique-

lete e un acordeón; Beazain; Villafranca de Oria e a primeira casa cubista, que é a do Centro Navarro; Tolosa; Hernani... Por fin, Hendaya.

4. HENDAYA.

Un valado tecido de ferro divide o andén, precaución arancelaria. Pol-a parte d'afora, cos anteollos postos, o gabán posto, o paraguas no brazo—eiquí chove mais qu'en Galiza—agardábame Luís Temes, Cónsul d'España en Hendaya, galego, ourensán, e o que é mais aínda, da Praza do Ferro, ond'espertou o seu espírito ouvindo o gurgular da fonte barroca e cistercense sostida por tres sereias.

Na Alfándega, unha riola de portugueses probes, comestos de saudade, homes e mulleres e nenos que veñen traballal'as leiras dos franceses que fuxen do campo, e aos que non podo por menos de falarlles.

Poucos galegos se teñen decatado do que Portugal é pra nós. Portugal é a Galiza ceibe e criadora, que levou pol-o mundo adiante a nosa fala e o noso espírito, e inzou de nomes galegos o mapa do Mundo. Que precisión temos nós de galeguizar a Colón, en contra da sua espresa vontade, se témol-a epopea lusitana. Com'imos facer qu'un genovés ou un judeu seña mais noso que Fernando Póo e Tristán da Cunha?

Benito Vicetto—que é o Wells da historia de Galiza, coma Wells é o Vicetto da historia universal—atina algunhas veces nas suas fantasías. It insiste de cote na idea das dúas Galizas: a Galiza Lucense e a Galiza Bracarense. Embora se non poidan sinalar os lindeiros d'unha e da outra, o certo é que tal dualidade, non sómentes eisisteu, senon que foi decisiva—e por certo pra mal—na nosa historia. N-efeito: namentral-a Galiza Lucense entregouse inerte e esquecida, os bracarense souperon alongar Galiza deica o Algarbe, sostela independente, e criar novas Galizas na América, na África, na India, na China e na Malasia. Namentral-a historia da Galiza Lucense é un perpetuo fracaso político, a de Portugal representa o trunfo da Galiza ideal, da Galiza galega, e ten que ser pra nós pol-o tanto un motivo d'orgullo e d'espranza. Portugal é algo sagrado pra nós, e por iso, a door de Portugal sintea o galego de sangue no mais intimo da y-alma.

D'eiquí a vergonza e a pena que me dá ver istos probes irmans nosos que deixan a

sua terra os coitados, pra poder ganar eiquí uns poucos francos... Compre que Portugal s'erga e non sabedes ben, galegos, com'isto nos compre a nós...

Imonos no auto do Hotel. Hotel grande, tranqúilo e cómodo, á antiga francesa. E' d'unha señora rica, distinta e amábele, qu'o ten mais que nada por costume de telo. Non ven a il mais que gente de certo tono. O comedor, grande e silandeiro, co-as cortinas d'encaixe botadas, está valeiro arestora. Servidos por Victorine, unha vella basca, grosa e fina, que sabe unha miga d'hespañol, jantamos repousadamente cousas d'unha coeina familiar fina e rica, encomenzando por un caldo algo semellante ao noso: fabas, patacas e verdura, sómentes qu'en lugar d'unto, leva manteiga.

O Luis Temes ten as cousas preparadas. As suas ideas, moi francesas en moitas cousas, embora señan adequiridas já enantes d'il vir a Francia, eran ben merecentes de qu'en as espuñera eiquí en lugar das miñas, posto qu'il, ben difrente dos que somos amantes e vítimas d'esa cousa tan soez e plebeia que se chama publicidade, non-as ha dar ao público endejamais. Por iso cecais, o que fala coil, o que s'achega ao seu criterio de cote atinado e justo, ten que deprender coil moitas cousas.

Hendaya é un pobo pequeno, anque esteso, con casas modernas, algunhas d'estilo basco, e algunhas tendas boas. Un núcleo antigo, unha playa que s'estende a dous kilómetros, e a estrada da estación, compoñen a vila. Na estrada da estación, vivín e a playa nona vin.

O núcleo antigo ten unha praza que lembra Verin, con gran acera central, un kiosko pr'a música, arbres e tendas arredor. As ruas son de vila, con aceriñas estreitas, ruas mal empedradas; case todas son estradas. A eireja nova, con moito releve e pintura d'anjos imitando mosaico. Moita silla nó chao e tres andares de tribuna de madeira, á que, com'en tod'o Pais Basco, van os homes. A dereita do arco trunfal está escrito o *Pater* en basco; á esquerda, en francés. Os cregos levan traje talar e babeiro. Padrican en basco e ás veces repiten en francés.

Do barrio da estación ao barrio antigo, pásase por unha ponte. No barrio da estación está n-un currunchito d'un baixo, o Consulado de Hespaña. Alí amostráronme un antigo arcón de ferro onde teñen os papeis. Está

reforzado de bandas de ferro cruzadas e pechado c'unha ingeniosa combinación de sólidos ferrollos. Obra d'arte popular que creín basca, ata que despois puiden comprobar qu'era germánica, ao velas igualiñas no Museo de Bonn, na Sammlung für deutsche Volkskunde da capital do Reich, e aínda na exposición do Vello Berlín.

Da gente que se vé pol-as ruas d'Hendaya, hai tres tipos d'homens: mozos bascos, anchos e colorados; empregados de tipo francés, con bigote, e tipos modernos rasurados. De mulleres, vése moita cara basca, mais sómentes lembro unha rapaza fermosa de certo, de tipo firme, loira coor de mel, e a cara d'un sonrosado difuso coma de luz interior. Non colle dúbida qu'a beleza das mulleres é un dos elementos constitutivos d'unha nacionalidade, e un feito no que penden moitos outros; cerca a beleza das mulleres d'unha terra decida da estética nacional e do feitio nacional do amor. Non haberá n-Alemaña quen se teña preocupado d'iste problema. ¿Non esiste se cadra unha relación antr'o barroquismo galego, poño por caso, e o feito de qu'en Galiza haxa tanta cara bunita e seña raro atopar un corpo ben feito? Non seguirán as columnas robustas de mais do noso barroco, o cánon das pernas das galegas?

Da fermosura ou fealdade dos homes, non digo, porque coido que non ten importancia na orde colectiva, por mais que teña moita na orde individual e das relacións sociais. N-e-feito: un home fermoso, pode ser pra os outros homes, por iste soilo feito, simpático ou antipático. Hai fermosuras masculinas que fan reaccionar positivamente, e outras que fan reaccionar negativamente. Non acoite o mesmo co-a fealdade, a qual pra producir bon efecto, ten qu'estar compensada por outras cousas. Ora ben, hai antre nós a tendencia a disprezar a fermosura masculina, e pra elo non hai razón; ás veces ten un valor pra o estranxeiro, e na vida individual, soe ser decisiva pra'as mulleres. Coido qu'os mais dos grandes homes que foron fermosos, houberan renunciado de millor gana ao seu talento qu'a súa beleza.

5. SAN SEBASTIAN.

Ja eu decía qu'o Temes tiña as cousas ben preparadas. Despois de botar un pedazo no Consulado, botamos a andar da pé pra Irún,

pol-a ponte internacional da Bidasoa feito pol-a Diputación de Guipúzcoa, que cobra unha cadela de pontádego a cada un que pasa.

Irún ten unha rua moi longa e moi moderna, con ledas e lujosas tendas. Na estación, collimos un tren eléctrico, millor qu'o Stadtbahn de Berlín, que cunha velocidade europea, levounos por Rentería e Pasajes, a San Sebastián.

Entramos por unha ponte parisién sobr'o río Urumea, e ollei a primeira perspectiva de gran cidade, ao longo do río caalizado e con tres pontes moimentais un tras do outro, co mar aberto no fondo. San Sebastián é unha vila de lujo, atendida constantemente c'un coitado miucioso. Ten algo de Gran Hotel, e pode qu'esta psicología domine n-unha parte grande dos veciños.

N-unha tenda d'óptica moi boa, ouvín a primeira longa conversa en basco. Porqu'o óptico, ou o que fose, despois d'estar falando en francés c'un señor, e despois de me ter ensarillado a min en castelán un longo discurso inzado de camelos centíficos, de complicado tecnicismo helenizante, do que non puiden comprender unha soila verba, adicou-se a sugestionar en basco, primeiro a un labrego, e despois a unhas señoras.

Despois de rubirmos ao monte Iguelo e ollarmol-o fermoso hourizonte de mar aberto e montes verdes deica o cume, fixemos, pasando por diante do Gran Casino, algunhas consideracións en col dos jardins urbáns. Mal-la teoría dos jardins non pode ser ergueita ata non-a compretar co estudado no Trocadéro, no Tiergarten e en Sans-Souci. O Temes, observador miucioso e crítico agudo, vaimo obrigando a me decatar de cada detalle: os jardins pra nenos; a escolleita de perspectivas con fondo pra'as ruas, com'esta que ten no cabo unha eireja ojival; os letreiríños que din: «Cuidado, escuelas»; o arboredo nas ruas es chafarís; as caixas pra botar os papeis; os letreiros en basco... E vaimo amostrando todo com'eixemplo do que nós temos que fager. Il pensa qu'enantes de nada, temos qu'educar aos galegos e erguel-o ton material da nosa vida, e que sen isto, se non pode matinar n-outra cousa. Sen deixar de ver de que pé se doen, ademira aos bascos e mais aos fran-

A seguir no número que ven

VICENTE RISCO.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A bandeira galega dende o Día de Corpus foi oficialmente ergueita nas mais das cidades galegas. A discusión arredor de como había ser a bandeira, resolta fai tempo, produxo apenas unha diversión na atenzón galega cada día mais coscente dos problemas da Terra como s'amostrou na valente aitude diante a ameaza de suspensión nas obras do camiño de ferro. Galiza érguese, e xa ninguén discute de boa fé as premisas do galeguismo e da galeguidade.

O Seminario d'Estudos Galegos traballou nos derradeiros de San Xohan nas bisbarras de Lalín facendo boa colleita as diferentes seicións até o punto que c'unha terceira visita ficará rematado o estudo das terras de Lalín, Dozón, Rodeiro i-a Golada. Co ilustre presidente D. Salvador Cabeza de León estiveron os Sres. Carro, Moralejo, Castela, Cuevillas, Sebastián González, Filgueira Valverde, Taboada Roca, Lourenzo, Otero Pedrayo i-outros, axudados polos bós amigos de Lalín e d'outros pobos. No casino de Lalín díronse conferencias a cargo dos Sres. Cabeza de León e Otero Pedrayo.

OUTRA dorosa perda pra Galiza. Outro mozo espranzado e forte que se nos vai. Narciso Pérez, de Cambados, escultor. Deixa a súa lembranza en belas obras de pedra galega. Que descanse na paz de Deus, e qu'a Morte non siga tan cruel c'o pobo que tanto a ama.

LIBROS

AS CRUCES DE PEDRA NA BRETANIA,
por ALFONSO R. CASTELAO. Publicacións
do Seminario de Estudos Galegos.

CASTELAO, os cruceiros, Bretaña. Nomes cheos d'evocación pr'os bós galegos. Nunca unha obra de Castela é unha obra mais. Sempre será algo singular, sin parexo na nosa cultura. Pra non falar agora mais que da nosa. Mais iste libro ofrece unha nova orixinalidade. Que non faremos

sinón indicare així pois arestora o novo libro terá sido debullado e meditado por todos os galegos de sensibilidade. Hastra pr'os labregos ten intrín. ¡Que contentos se porán cando sepan qu'as xerarquias de cruceiros galegos corresponde outra xerarquía irmá na dinidade e no espírito na terra celta da Bretaña!

Fai poucos días na xeira do Seminario pol-as bisbarras de Deza Castela contemplaba con emozón as belidas esculturas da eirexa de Ventosa. N'outra ocasión faláremos do espolio que co elas se fixo desarteillándoas da mística orgaización que formaban nos antigos baldaquinos. Castela, alí, no cerne galego lembraba os seus estudos na Bretaña; d'a pé c'o album baixo o brazo, esculcando horizontes de mar e penedia, fonduras de yalma no trato c'os celtas, detalles d'inspiración nos cruceiros e nos calvarios. Cando Castela falaba da Bretaña figuraba pr'os qu'escoitábamos qu'as distancias xeográficas amingoaban e qu'un latexar de infinda emozón nos xuntaba a bretós, irlandeses e galegos na mesma feiticeira idealidade.

Castela é incomparabilmente amado e admirado na Galiza. Mais aínda moita xente non apreza a fondura da súa personalidade que de seu, sin a mais pequena técnica d'ambición, chega a ser o símbolo vivente da Galiza. Por iso colle a decorrente aitude d'un labrego, a psicoloxía d'unha moitadume d'hoje como s'achega sin traballo ó curazón dos devanceiros lonxanos. Pra poucos se ten franqueado o espírito popular galego como pra iste artista que soílo ri e chora a compás da Terra Nosa.

A orixinalidade do novo libro está na perfeita oxetividade e na interpretación dereita do tema. Non fai comentario nin a palabra nin o lápiz. Castela colle a realidade da arte racial dos bretós e pona diante os nosos ollos. Soílo se pode chegar a elo c'un grande amor, unha sutil intelixenza i-o lapiz do autor de «Cousas». Poñamos un esquema do libro como información pois as cousas vitais morren nas mans que teiman esquematalas.

Cruces primitivas

Algunhas, as mais antigas, son do tempo

merovinxeo ou carolinxeo. «teñen por característica a fisonomía forte e o mesmo tempo de pouco espesor como talladas n'unha folla de pedra». D'unha gran suxestión e sinxeleza. Figura como mais vella a merovinxe de Plourivo que perdeu os brazos.

Megalitos cristianizados

Un ditoso símbolo: o menhir frolecido en crus. Hai moitos. O de Stival amosa pra Castelao unha influencia directa dos monxes celtas.

Cruceiros

Non os hai románicos. Comezaron no XV e hai moitos do XVI e mais do XVII. Seguense facendo dende a grande dóor da peste no principio do XVII. Grande variedade arquitectónica e iconográfica que Castelao recolle amorosamente deténdose n'ises detalles que indican eles soílos a figura estética, a disposición interior da yalma do pobo.

Cruceiros púlpitos

O mais importante o de Pleubian do XV. A idea do cruceiro chama a da predicazón. Dos cruceiros púlpitos pásase ás grandes composicións características da Breña que son:

Os calvarios

Os mais d'eles dominados pol-as cruces chamadas da peste. O autor crasificaos i-estuda detidamente seis grandes calvarios perseguindo na moitedume das figuras os temas orixinaes i-o sentido das composicións.

Apesares de ter saído fai poucos días sabemos algo do grande intrínseco con que vai sendo acollida na Galiza a obra derradeira de Castelao. Proba do qu'ela significa e tamén da crecedeira sensibilidade da conciencia galega.

UN LIBRO de KINSLEY PORTER.

O sonado autor de «O camiño de Santiago» publica agora en castelán seu libro encol da «Escultura románica en España» en edición admirábre de arte e luxo— a primeira d'unha serie que non terá parexa na bibliografía hespañola—obra do editor Gili, xa mais que editor artista namorado da arte de vestir dinamente os bós libros.

Ainda non podemos dar idea completa da obra chegada fai poucas horas ás nosas mans. Si na feitura non atopamos apenas algo que se lle semelle na bibliografía his-

pánica pouco podemos adiantar da tésis. Por primeira vez rastrexasen os orixes da escultura románica, en todas as terras e con todas as relacións posibles, c'unha fina erudición de primeira man, calcada, documentada, d'isas que ispiran chea confianza. O autor viu todas as obras, e soupo enlazalas c'a arte dos mofíns e das miniaturas, estima todas as bibliografías locais e non desdenha un chisco na composición, presentada c'a parquedade das cousas que aspiran a sere definitivas. Como cumio d'unha loita esgrevia e longa pol-a eispreson presenta o Pórtico de Mateu, indiscutible e soberana insua da escultura románica e primeiro paso da gótica. A maior porción dos dous grandes volumes está adicada ás ilustracións de fotos estupendas. Endexamais ollamos tan viventes os Apóstolos e o Santiago da Grória. Un libro dos que de verdade se precisan na Galiza.

CERÁMICA PORTUENSE, por PEDRO VITORINO, Edicións Apolino Guya, Portugal, MCMXXX.

ISTE suxestivo volume forma nos «Estudos nacionais sob a égide do Instituto de Coimbra». O primeiro volume d'unha magnífica serie de publicacións qu'a xuzgar pol-o plan será un índice completo e rematado da historia, arqueoloxía, e bibliografía i arte da terra irmán. Agardamos con impacenza o volume encol dos «Pelourinhos portugueses» ó que seguiran outros—escollemos os tídoos á vontade—: «Ria de Aveiro», «Poesía amorosa do povo português», «Conventos do Porto», «O Tejo e as suas lezírias desde Estrabão aos tempos modernos», «O jardim em Portugal», «Arte ornamental de Briteiros», «O povo de Moçambique». Sería preciso citar toda a colección proietada e confiada a competentes especialistas e esquireiros donos do espírito dos temas encargados a eles.

Certamente iste primeiro volume franquea dinamente a publicación. Despoixa do proemio onde s'indica o estado do estudo da cerámica portuense, coleccións e museos, o autor trata eruditamente as fábricas dende o século dazaoito con grande riqueza documental e caracterización artística de cada unha. Inda qu'o autor, modestamente diga que fai somentes un ensaio o libro contén notas e suxerencias d'abordo pra sentir un fermoso aspecto da arte lusitana co acompañamento pro amador e pro técnico de preciosas ilustracións e marcas de fábrica.

Nosa admiración pra a empresa que tan belamente s'iniza.

CUADERNO DEL OJO SIN SUEÑO,
Poemas, Cuaderno de CARTEL,
Montevideo, por JULIO SIGÜENZA.

SIGÜENZA aló na América, en chea palpitación latina lembra á Galiza e atende ó novo vivir galego. Sigüenza n'iste libro de poemas modernos é o artista sinceiro, o home abraído pol-o pesadelo do vivir universal, cósmico, que sabe poñer nos versos unha gravidade aínda visíbre nos mais lixeiros versos.

EL PÁJARO QUE VINO DE LA NOCHE
por J. C. DA CUNHA DOTTI, Editorial
Albatros, Montevideo.

TEMA de noite e de mar, cruzados por azas angustiosas, vibra nos poemas d'iste libro cheo d'esprito atántico e indicio d'un sentido do mundo que fará do autor un outro poeta cando deixe de lado certos manierismos de escola. Algús versos soberbios: E d'abondo, pra un libro de poemas n'iste tempo noso.

GIRIAS MILITARES PORTUGUESAS IV,
GIRIAS DA ESCOLA MILITAR. Separata do IV núm. do vol. I de A LINGOA PORTUGUESA, pol-o Tenente Afonso do Paço.

O autor segue a serie das «Girias militares» (xa publicadas as de Malte, da Caserna e do Colegio Militar), co iste curioso feixe de palabras e frases empregadas pol-os alumnos da Escola Militar, cheas de graza, eispresión e intenzón como cousa d'unha intelixente e leda mocidade. Un pequeno vocabulario de grande intrínseco filolóxico (como de filoloxía vivente, na súa arbitrariedade eispresiva).

REVISTAS

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA,
Cuaderno II, 1930.

SUMARIO: «Los Benigaslón de Uxo» por J. Ribera — «Índice del archivo municipal de Peñíscola», por J. J. Febrer — «Canço de l'horta», por B. Ariola — «Nano si jagant», por J. Pascual Tirado — «El castillo de Onda y sus cartas-pueblas», por A. Sánchez Gozalbo — «Un bando de policía rural en el s. XVII», por Honorio García — «Moros y cristianos», por Faustino D. Gazulla — «Exposición morellana de arte», por M. Milán

— «El Libro de Privilegio de Cati» (continuación), por Joan Puig — Notas bibliográficas.

O sabio prof. D. J. Rivera identifica algús persoaxes da xente do Benigaslón do val de Uxo. No arquivo de Peñíscola índice de pergameos (d'ela a carta-puebla) cuadernos (de pergameo e papel) e libros de actas. «Nanos e jagants» lindo i-espresivo cadriño do corpus castellonense. Estudo da conquista de Onda pol-o Cid e por Xaime I que dá o castelo á súa dona D.^a Violante, e a repoboación con cristiás despois da revolta dos mouros. — «Moros y cristianos» traballo encol da fronteira na outa Edade Media apoiado en fontes árabes, do vivir de loita en tales terreos. Na exposición morellana figuran crismas, copóns e cálices, algús debido o artista Xohan Santalinea (s. XV).

REVISTA OCCITANA, Madrid,
Marzo do 1930, Número I.

APARESCRE ista revista trimestral pra divulgación literaria e filolóxica da lingoa d'oc, pol-a publicación de textos variedades dialectais e obras dos mais sonados autores. Poemas de Perbosc, o poeta do Languedoc, o sonado «A Deu siau turons» de Bonaventura Aribau, unha erudita opinión da Eufemia Llorente pol-a unificación dos falares de oc sobra base do catalán medieval e da lingoa dos trovadores, e outros orixinaes de gran intrínseco, compretan o primeiro número d'ista fidalga publicación a que desexamos forte vida.

PORTUGALE, volume 3 núm. 14,
Marzo-Abril do 1930, Porto.

SUMARIO: David Lopes «A ilha dos amores» num conto oriental árabe. — Fausto Guedes Teixeira: «A uma alma triste» (versos). — João da Silva Correia «A Rima e a sua acção lingüística, literaria e ideológica». — José Pereira: o pintor João Vaz (escultura). — Alfredo Cândido «Página humorística». — Vila-Moura «Lembranças de Antonio Nobre». — Ezequiel de Campos «O Problema da Electricidade». — Redacção: Sete cartas de João de Deus. — Ernesto Soares «Varia». — Bibliografia. — Novidades. — Vida académica. — Leilões de Livros. — Res et verba.

A AGUIA, Orgão da Renascença portuguesa-4.^a serie,
núm. 12, Porto

SUMARIO: Antonio Sergio: «O problema da cultura». — Raul Brandão: «Rústica». — Leonardo Coimbra: «Carta prologo da edi-

ção portuguesa do livro «Nós de Zamiatini». — Sant'Anna Dionisio: «O ensino da filosofia nos liceus». — Ilustrações de Joaquim Lopes, José Tagarro e Carlos Carneiro. — Bibliografia por H. C.

O INSTITUTO, 4.ª série, volume 8, núm. 3, Coimbra.

SUMARIO: C. E. Corrêa da Silva: Ensaio sobre os latinismos dos «Lusiada». — L. Saavedra Machado: «Os estudos germânicos em Portugal». — Victorino Nemésio: «O erotismo de João de Deus». — João Jardim de Vilhena: «Frei Cláudio da Conceição». — João Porto: «Do valor diagnóstico da cuti reacção à tuberculina em clínica infantil». — Sousa Viterbo: «Subsídios para a História da música em Portugal».

GALICIA, Revista del Centro Gallego de Montevideo, Marzo de 1930.

CONTÊM interessantes notas e notícias insistindo acertadamente na Residência d'estudantes de Sant'Iago. — Artigo de R. Blanco Torres encol do Seminario d'Estudos Galegos.

EUSKO-İKASKUNTZA'REN DEIA (Boletín da Sociedade d'estudos vascos) 4.º trimestre do 1929.

SUMARIO: Sesión de la Junta permanente del 1.º de Setiembre. — Junta de la Federación de Acción Popular Euskerista de 21 Diciembre. — Reunión de la Comisión sobre despoblación de los caseríos. — Bergara. — 1930'gua. — Lista de socios, presupuestos, homenaje a D. Arturo Campion, etc.

LA MUTUAL FRANCO-ESPAÑOLA

MEMORIA acerca del 28 ejercicio social, correspondiente al año 1929.

EUSKO-İKASKUNTZA (Sociedade d'estudos vascos). Cursos de verano (año IV) y V Congreso de Estudios vascos sobre temas de arte popular, 1930.

PROGRAMA e guia de conferencias e congresso que se terán do 29 de San Xohan ó 8 de Setembro en S. Sebastián e Vergara. Todos os aspectos do vivir presente e pasado da terra vasca, entran n'iste suxerente programa cuia realización é protexida por asociacións privadas e pol-as admirables Diputacións e auntamentos d'aquella terra. Destá-

case o homenaxe ó patriarca Campión, i-a eisposición d'arte popular. Visitas a museos, conferencias e cursos alternan con aitos de fraterna solidariedade.

BOLETIN OFICIAL DE LA NUEVA CASA DE GALICIA, Buenos Aires, Abril do 1930.

NOTIZAS, críticas, lembranza do día do Carral e de temas da autoalidade.

SEARA NOVA, números de Marzal e primeiro de Abril do 1930.

13 de Marzo.

SUMARIO: Augusto Casimiro: «Portugal pequenino». — Mario de Castro: «Em frente das doutrinas reaccionarias». — S. C. «Hermann de Keyserling». — De Tolstoi a Gandhi: «Algumas fontes e desenvolvimento da «Não resistência». — Silvio Lima: «Com os meus botões». — Luis Teixeira: «A marxén da 27.ª Exposição da S. N. S. A. Os modernistas». — A. de Serpa Pimentel: «Páginas para serem meditadas; Herculano e o clero».

20 de Março.

SUMARIO: C. Parreira: «Portugal pequenino». — Helena Claparède Spir: «Algo novo sobre Nietzsche e Spir». — Magalhães Lima: «Scismas de rebeldes». — Castelo Branco Chaves: «O conceito da resolução em Eça de Queiroz». — João de Silva: «O ensino técnico de arte decorativa em Portugal».

27 de Março.

SUMARIO: Hernani Cidade: «Portugal pequenino». — Diogo de Maceda: «Sobre arte moderna». — Osório de Oliveira: «Diário romântico». — Jorge Barbosa: «O pássaro fechado». — Carlos Pacira: «O «un» na exposição de Belas Artes». — «A Seara nova» e o catolicismo. — João de Silva: «O ensino técnico de arte decorativa em Portugal». — «Coisas pontas». — «Factos e documentos». — Georges Portmann: «Uma República Democrática: «O Uruguai».

3 de Abril.

SUMARIO: Raul Brandão: «Páginas para serem meditadas, Religião e Revolução». — Manuel dos Reis: «A teoria da Relatividade e o absurdo duma crítica». — «Portugal pequenino». — «União portuguesa do Ultramar, Congresso Colonial». — João de Silva:

«O Ensino técnico da arte decorativa em Portugal: «O desenho».

EL MATÍ, Barcelona.

SEGUIMOS recibindo e lendo con lediza iste xornal que demostra a outa concenza moderna da dereita catalana. Xornal no que alternan a precisa informazón disposta en suxerente forma, as novas da Cataluña, as seiciós de deporte, do neno, relixiosa etcétera, con graves e fondos artigos e recensións de libros e conferencias.

PRINCIPIO, Publicación de cultura e política, Porto, Núm. 2, Junho 1930.

SUMARIO: «Inquerito». — Alvaro Ribeiro: Política. — Mala Pinta: «Novos horizontes». — Rodrigues de Freitas: «Considerações á volta d'un decreto». — A. Casais Monteiro: «Um Romance?». — Cinema. — Artes. — Notas.

ACCIO VALENCIANA, Boletín quincenal, Orgue d'Acció cultural valenciana.

RECIBIMOS os números d'ista vibrante publicación que propugna pol-o erguemento da lingua e cultura enxébre da Valencia, con artigos d'erudición e de propaganda leda, moza, chea de abrente i-espertadora de simpatía.

EL PUEBLO, periódico republicano, Pontevedra.

CARTEL, Montevideo.

O espírito vixilante do seu director Xulio Sigüenza, segue orientando o xornal

c'axuda d'unha brillante colaboración car'os fitos mais chamadores da Estética e da vida.

SOCIEDAD ESPAÑOLA DE ANTROPOLOGÍA Y PREHISTORIA, Actas y Memorias, Tomo VIII, año de 1929, Cuadernos 1.º y 2.º, Cuaderno 3.º

ADEMAIS da abondosa bibliografía e das actas e comunicacións de fondo intrínseco, dúas memorias: «Estudio de los cráneos antiguos de Canarias, existentes en el Museo antropológico Nacional», por F. Barras de Aragón; «Un nuevo yacimiento paleolítico en la Zona de las Delicias» (Madrid), por Pérez de Barradas (F) y Fuidio (I). — O terceiro cuaderno, c'as actas, comunicacións e bibliografía, contén as seguintes memorias: «La colección prehistórica Rotondo», por F. Pérez de Barradas; «Cerámica de la segunda mitad de la época del Bronce en la Península Ibérica», por J. Cabré y Aguiló; «Contribución al estudio del folclore en España y con preferencia en Aragón», por T. López-Tapia Laplana y E. Nava, Galindo Garcés.

CÉLTIGA, Junio 10 de 1930, Buenos Aires.

ADEMAIS de intresantes notas, informacións, e ilustración gráfica os seguintes artigos: «Santiago de Compostela y Madrid», por C. Sánchez Mosquera; «Iglesia cisterciense de Meira», por M. Gesteira Cachafeiro; «Prosas», de R. Otero; «La Política Gallega», V. Risco. — Crónica do homenaxe a Pondal.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32

SANTIAGO

San Andrés 50

A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os establecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18-Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.


No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagos-camas de
todol-os três.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficazísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello diges-
tivo, Anemia e Neurastenia



uísima auga de mesa
gaseada naturalmente

Mondariz-Baneario, áchase á 35 Km. de Vigo